Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cando os nenos morren sen bautizar

VERSIÓN 1: Pai e padriño

Deixaba a rapaza encinta e, mentres que el estuvo no servicio, a rapaza deu a luz e trouguera dous nenos. Eran gemelos e morreron entrambos, e fóronos enterrar a xunta unha cruz. E el antes de marchar po servicio, sin que a rapaza se dese cuenta, bautizou as criaturas no vientre, por riba..., eso. Bueno, claro, el desque veu pasaba por xunta a cruz aquela e sentía unhas voces que decía...; un dicíalle, dicíalles:

Adiós, padre y padrino.

E o outro contestáballe:

Ai, non che é teu, que é meu.

Bueno, pasou e vai el e dícello ó cura, dícello ó cura porqueoía aquela voz cada vez que pasaba por cabo daquela cruz. Entón que lle dixera o cura:

Bueno, pois cando volvas a pasar e che volvan a dicir, dilles que es dos dous.

E así pasou. Entón el, o día que volveu a psar por alí, volve a sentir a misma voz e decir:

Adiós, padre y padrino.

E dicíalle o outro:

Ai, non che é teu, que che é meu.

Entón dixo el:

Soy de los dos.

E despois, adiós; que nunca máis volvera a oír tal cousa.

VERSIÓN 2: A madriña

A cruz de Morás está situada no Fondón, no comezo da pista que vai ó que hoxe chaman Barreiro, na Aldea de Arriba, mandada construír por don Andrés Lema Benavides, cura que foi da parroquia de Morás, Xove (Lugo), e enterrado no pórtico da igrexa a petición propia para ser pisado polos fregueses en penitencia polos pecados cometidos.

Onde se atopa hoxe a cruz enterraban ós nenos que morrían sen bautizar e contan que, nunha ocasión, enterraron alí dúas nenas xemelgas e algún tempo despois pasou por alí unha muller que había ser a madriña dunha delas. A muller escoitou, abraiada, unhas palabras que subían da terra.

Adeus, madriña.

Aínda non crera o que escoitaba cando volveu oír:

Non é a túa madriña; é a miña madriña.

A muller foi ver o cura da parroquia que lle dixo o que tiña que facer. Outro día que pasou por alí volveu escoitar:

Adeus, madriña.

E de novo:

Non é a túa que é a miña.

Sodes as dúas dixo a muller por recomendación do crego.

E nunca máis volveu escoitalas.

VERSIÓN 3:A cruz de Pedride

A cruz de Pedride está na parroquia de Rigueira, concello de Xove (Lugo). Alí había un can moi grande e negro, cun Z debuxado no lado esquerdo. Ninguén sabía de onde viñera aínda que se asegura que o can comezou a aparecer desde que enterraran alí un anxo, un neno sen bautizar.

Unha das formas que adoitan as ánimas para aparecerse ós vivos é a figura de can.



A Cruz de Morás
Fotog.: Manuel Miranda (Mariña Patrimonio)

BIBLIOGRAFÍA

Fontes:

VERSIÓN 1: Pai e padriño.

Arquivo Chaira: Información de LIDIA IGLESIAS, O Carballo, Abeledo Abadín (Lugo). 15 de novembro de 1992.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X., REIGOSA, A. e SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín. Deputación provincial de Lugo, 2004.

VERSIÓN 2: A madriña.

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 22.

VERSIÓN 3: A cruz de Pedride.

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 23.